

Disposición adicional primeira Lei 13/1991, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG Nº 241, do 13 de decembro de 1991)

(...)

Disposición adicional primeira.

1. Créase o Tribunal Económico-Administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, como único órgano colexiado competente no ámbito da Comunidade Autónoma para a resolución dos recursos e reclamacións de natureza económico-administrativa, tanto se neles expouse cuestións de feito como de dereito e que se deduzan sobre as seguintes materias:

- a) A xestión, inspección e recadación dos tributos propios da Facenda da Comunidade e, en xeral, de todos os ingresos de dereito público que correspondan á mesma.
- b) O recoñecemento ou liquidación por Autoridades ou Organismos da Consellería de Economía e Facenda de obrigacións do Tesouro e da Facenda galega e as cuestións relacionadas coas operacións de pago polos devanditos órganos con cargo ao mesmo.
- c) Calquera outra respecto da que por precepto legal expreso así se declare.

2. O tribunal a que se refire o apartado anterior quedará adscrito á Consellería de Economía e Facenda e terá a súa sede na dos órganos centrais da mesma.

3. Autorízase ao Consello da Xunta para que, a proposta do Conselleiro de Economía e Facenda, dite as disposicións regulamentarias necesarias sobre a súa organización, competencias, composición e funcionamento.

4. O prazo para a súa plena regulamentación e aprobación polo Consello da Xunta será de seis meses, contados a partir da publicación da presente Lei no «Diario Oficial de Galicia».